



A V I A M A N 2 0 1 8

COPA DEPUTACION OURENSE TRIATLON

R E G U L A M E N T O

Organiza:

CLUBE BEARIZ TRIATLON

Email: carballinotriatlon@gmail.com

Persoa de contacto: Floro González González

Teléfono: 657 009 855

Federación Galega de Tríatlon e Pétatlon Moderno.

Patrocina:

Deputación de Ourense.

Colaboran:

Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
Concellos de Leiro e Avión.

Data e horarios da proba:

Domingo 27 de maio de 2018.

Saída proba masculina 9:00.

Saída proba feminina 9:02.

Hora de finalización da proba: 14:30 horas

Distancias:

1,2 km de natación. 65 km de ciclismo . 14 km de carreira a pé.

Inscripciones:

Dende o 1 de febreiro de 2018 ata o 22 de maio de 2018.

150 PRAZAS + 6 invitacións

Prezos:

Federados: prezo 75 €.

O deportista poderá obter o reintegro de parte da inscripción (55 euros) ata o 30 de abril (penalizarse con 20 euros).

Despois de esta data non se reintegrará o importe de ningunha inscripción.

Licenza de 1 día: prezo 87€ (Custe licenza de 1 día de *12 € + 75 € inscripción).

***12 €** en concepto licenza dun día para o deportista que non posúa licenza federativa en vigor (normativas 2018).

- .- Non se admitirán inscripcións incompletas ou fóra de prazo.
- .- Toda a documentación debe estar na Federación antes de rematar o prazo de inscripción.
- .- A inscripción realizarase a través da web de CHAMPIONCHIPNORTE.

<https://championchipnorte.com/>

Tempos de corte:

Haberá un tempo de corte no quilómetro 57 do sector ciclista (no alto de Pena Corneira) as 13:00. O deportista terá que ter rematada a proba as 14:30, en caso contrario quedará eliminado.

Saída, boxes e meta:

Saída na área recreativa Ponte Esperela en Leiro.
Meta: na área recreativa Ponte Esperela en Leiro.

Recollida de dorsais:

En liña de saída.

O sábado 26 de maio de 18:00 a 19:00.

O día da proba de 06:30 as 08:00 da mañá.

Reunión técnica:

As 08:35 h do día da proba ao lado da secretaría na área recreativa Ponte Esperela.

Control de material:

A partires das 07:30 ata 08:30h.

Categorías:

ABSOLUTA masculina/feminina
VETERANA masculina/feminina
SUB 23 masculina/feminina

Premios:

- Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
- Premios económicos:
 - 1º clasificado masculino e feminina 100 €
 - 2º clasificado masculino e feminina 75 €
 - 3º clasificado masculino e feminina 50 €
- Todo o que finalice a proba recibirá un agasallo conmemorativo da proba.

Circuítos:

NADO: 2 voltas no río Avia.

CICLISMO: <http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=7722609>

“DRAFTING NON PERMITIDO”.

CARREIRA: consistirá en 3 voltas ao percorrido.

Normas de competición:

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do *Regulamento Oficial de Competición* da Federación Galega de Tríatlón e pola normativa vixente da FETRI.

Norma anti-residuos:

Todos os envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis..... deberán ser depositados nos avituallamentos habilitados. Colabora a deixar os circuítos igual que estaban antes do paso da carreira.

Seguridade e asistencia médica:

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Garda Civil, Policía Local de Avión e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; non obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os servizos médicos da organización destinados ao longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, quen deberán ceder o paso.

Vehículos autorizados:

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertenzan á organización non poderán transitar polos circuítos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

Reclamacións e apelacións:

Rixerase polo procedemento de Reclamación/Apelación de probas da FEGATRI:

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/Procedemento-de-Reclamaci%C3%B3n-Apelaci%C3%B3n-probas-da-FEGATRI.pdf>



Civismo e respecto:

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes. Comprométense tamén a tratarlo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización aos xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación.

Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade vial, ao fin de evitar situacíons perigosas que carrexen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.